



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 26 de novembro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 26 de novembro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 19/11/2018, que se aprobou por unanimidade.

**Propostas**

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2018/5157**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Arturo Castro Padín** solicitando a instalación de pasos de peóns na Rúa Os Anxos, así como sistemas efectivos de redución de velocidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se vai a actuar no entorno, adoptando unha serie de medidas de sinalización para a Rúa Os Anxos e Rúa Ares, así como noutras rúas da zona, de conformidade coas indicacións da Policía Local, co fin de mellorar a seguridade no entorno.

**PRP2018/5158**

Dáse conta de escrito presentado por D. Xurxo Abuín, como Presidente da **Asociación Veciñal e Cultural “O Souto” de Rubiáns**, no que expón diversas queixas pola situación do tráfico na Estrada N-640 (Vilagarcía – Pontevedra).

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se trata dun vial de titularidade do Ministerio de Fomento.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar ao Ministerio de Fomento (Unidade de Estradas do Estado en Pontevedra) a instalación de pasos de peóns, bandas rugosas e semáforos en diversos puntos, propoñendo a situación nos seguintes lugares:

- Rúa Ande, nº 46 (PK 234.100) – Paso de peóns con regulación semafórica.
- Avda. de Rubiáns nº 16 (PK 235.750) – Paso de peóns con regulación semafórica.
- Avda. de Pontevedra nº 21 (PK 236.950) – Paso para peóns elevado.



#### **PRP2018/5159**

Dáse conta do escrito presentado por D. Gaspar Antonio González Somoza, en representación de **Asociación de Veciños A Escardia** solicitando a realización de xestións pertinentes para averiguar que tipo de substancia se estaba aplicando por parte de ADIF ao longo das vías do tren na Zona da Estación o día 19 de novembro de 2018, e no caso de que fose glifosato se inste ao Ministerio de Fomento a non empregalo en ningún punto do territorio municipal, de conformidade co acordo plenario de data 28 de xullo de 2016

Dáse conta de acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 28 de xullo de 2016, seguinte:

*“Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:*

*VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)*

*ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo Municipal de Somos Maioría e comprometerse a,*

*1• Non autorizar o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituiranse estes produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o Medio.*

*2• Nos casos concretos de conflito, o Concello solicitaralles por escrito ás entidades implicadas na aplicación de herbicidas que en virtude do Real Decreto 1311/2012, empreguen métodos de control alternativos, non químicos.*

*3• Así mesmo, este concello dirixirase á maior brevidade posible á Consellería de Obras Públicas e á Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento, solicitando o abandono inmediato do uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da rede viaria que atravesan o termo municipal de Vilagarcía de Arousa, para que a protección da saúde das persoas e o medio no seu municipio sexa efectiva.*

*4• Comprometerse a informar deste acordo a todos os colectivos e entidades políticas, sociais e veciñais existentes no municipio para evitar tamén o uso doméstico de herbicidas con glifosato.”*

A Xunta de Goberno local queda sabedora e acorda remitir o escrito presentado por D. Gaspar Antonio González Somoza a ADIF aos efectos de solicitar a información citada e ao mesmo tempo comunicarlle o acordo Plenario de 28 de xullo de 2016.

#### **PRP2018/5160**

Dáse conta de resolución do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, de 8 de novembro de 2018 que desestima o recurso de reposición interposto pola CMVMC de Guillán en relación ao Monte Outeiro, ratificando integramente a resolución de non clasificación de data 25 de febreiro de 2016, por non concorrer os requisitos fixados na Lei de Montes 13/1989 ao non quedar suficientemente acreditado o aproveitamento consuetudinario sobre a parcela polos veciños de Guillán.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

#### **PRP2018/5162**

Dáse conta de proposta do Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas en relación coa necesidade de reposición de 30 m<sup>2</sup> de PVC en paredes do ximnasio do CEIP Piñeiriño, por deterioro (desprendemento) das existentes.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Roberto Ocaña Novoa** (Decoración Xiabre) para o subministro e colocación de 30 m<sup>2</sup> de aglomerado hidrófugo en paramento do ximnasio do CEIP Piñeiriño, así como material de PVC (protector de golpes) con parafusos e cola especial, por un importe total de 1.391,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/5163**

Dáse conta de proposta do Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas en relación coa preparación de terreos para aparcamentos disuasorios en Faxilde e O Piñeiríño.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Multiservicios Fernández Sotelo SL**, para o subministro e transporte de material reciclado por un importe total de 6.352,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 133.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/5164**

Dáse conta de proposta do Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas en relación coa preparación de terreos para aparcamentos disuasorios en Faxilde e O Piñeiríño.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Áridos del Umia SAU**, para o subministro e transporte de material por un importe total de 2.643,06 € (IVE incluído), con cargo á partida 133.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/5165**

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación, e con motivo da publicación “Anacos, revista literaria da Asociación A Mesa das Verbas, que reúne a creación poética de 23 autores locais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de **Graficas Anduriña Sociedad cooperativa Galega**, para edición de 500 exemplares da citada publicación, por importe de 1.203,95 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.2260201, co fin da súa distribución a Colexios, Biblioteca Municipal e Axencias de lectura, etc.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/5166**

Dáse conta de proposta da **Fundación de Ferrocarriles Españoles, F.S.P. (FFE)** formulada aos Concellos de Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis e Portas, para o desglose do proxecto de “Acondicionamento da Vía Verde do Salnés entre Vilagarcía de Arousa – Caldas de Reis e Portas, cunha lonxitude de 9.195 km., que inclúe:

- Entrega de 1 copia en papel encadernada do Proxecto construtivo desglosado completo.
- Entrega de 1 copia do Proxecto Construtivo Deglosado en DVD o CD Rom cos orixinais en formato pdf para que os Concellos poidan, no seu caso, imprimir as copias en papel que sexan necesarias.

O orzamento estimado é de 1.800 € máis o IVE correspondente, o que da un total de 2.178,00 € (IVE incluído) e o prazo de entrega de un mes.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento citado por un importe total de 2.178,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640 e requirir aos Concellos de Portas e



Caldas de Reis para que procedan ao aboamento do importe correspondente a cada un deles (600 € + IVE).

Acórdase así mesmo que polo Departamento de Rendas se proceda a facer as correspondentes liquidacións para o seu envío aos Concellos citados.

#### **PRP2018/5167**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sistemas de Control Artes Gráficas SL** para o subministro de 5.000 impresos para a notificación de denuncias da Policía Local, por un importe total de 161,54 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/5168**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sistemas de Control Artes Gráficas SL** para o subministro de 50.000 autosobres con cola para a impresión de recibos non domiciliados, por un importe total de 1.966,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/5169**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Artiaga Barreira, en representación de **Fundación Artiaga**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia coa colocación de dúas carpas con catro mesas e catro cadeiras, o día 1 de decembro, en horario de 10:00 a 14:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/5171**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de **Asociación Protectora de Animales – Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, o día 22 de decembro, en horario de 10:00 a 15:00 horas.



Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/5172**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Victor Moledo Pereiro**, solicitando autorización para instalar un posto de garrapiñadas na Praza de Galicia dende o 24 de novembro de 2018 ata marzo de 2019 (nadal, festas, eventos, entroido, semana santa, etc).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
  - Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
  - Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma, cunha cobertura mínima de 300.000 €.
  - Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
  - Deberá cumprir os requisitos para a venda ambulante e de hixiene por venda de alimentos, segundo o establecido na Lei 13/2010 de Comercio de Galicia.
  - A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Dar conta ao Negociado de Rendas.

#### **PRP2018/5173**

Dáse conta de Proposta do Director da Área de Comunicación social en relación coa celebración o 25 de novembro na Praza de Abastos, da II Edición de “Castes”, Feira Independente do Viño”, en cuxa organización e patrocinio participa o Concello, así como na entrega dos Premios Magnum dos Viños de Galicia, sendo necesaria a adquisición de dez bandeiras de 4x1 metros así como o aluguer dunha pantalla led para instalar na Praza de Abastos.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, por un importe total de 1.633,50 € (IVE incluído) con cargo á partida 926.22602:

- **DiscoTrade SPain SL:** subministro de dez bandeiras de 4 x 1 m, por un importe total de 665,50 € (IVE incluído), con cargo á Área de Comunicación.





- **DipeTrinta SL:** polo aluguer dunha pantalla led, por un importe de 968,00 € (IVE incluído), con cargo á Concellería de Turismo.

#### **PRP2018/5174**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **DALONGA SA**, para a reparación do vehículo Seat Altea 0680GSX, adscrito ao Servizo da Policía Local, por un importe total de 834,66 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

#### **Emprego**

#### **PRP2018/5194**

Vista a proposta das Concellerías de Promoción Económica e Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da actividade lúdica de Nadal **FEXTURRÓN NADAL 2018-2019**, do 5 de decembro de 2018 ao 6 de xaneiro de 2019 nas instalacións de FEXDEGA, adxudicando pola contía de 15.000 € (máis IVE), o desenvolvemento da mesma á empresa **C&C Camarero & Cubo Ocio, S.L.**, nos seguintes termos:

a)

- Decoración e acondicionamento do espazo do evento.
- Organización de actividades e obradoiros para nenos/as, animación e xogoteca.
- Organización e desenvolvemento de diversos obradoiros de ocio e animación infantil e xuvenil.

Tarifas de participación nestas actividades: de balde.

b) Parque de atraccións: instalación de carruseis e outros elementos e atraccións de feira.

Prezo e tarifa de participación nestas actividades: o custo para acceder ás atraccións será de 8 tickets por un custo de 6 €.

c)

- Instalación dunha pista de xeo natural ecolóxica, coas especificacións indicadas na proposta.

Prezo e tarifa de acceso á pista de xeo. Entrada xeral de 6 € por sesión de 45 minutos, incluíndo patíns.

d)

Tobogán-rampla de xeo natural coas mesmas características técnicas que a pista de xeo.

Prezo e tarifas de acceso á rampla de xeo: mesmo sistema de tickets que para o acceso ás atraccións.

A Empresa adxudicataria terá concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de sinistros e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.

O Concello asume as seguintes obrigas:

- Cesión dun espazo de localización suficiente dentro das instalacións da nave de Fexdega para a pista de xeo.

- Limpeza e acondicionamento das instalacións.

- Dispoñibilidade da zona de entrada para obradoiros e zona de xogo.

O Concello asume os custos dos consumos eléctricos, limpeza e acondicionamento das instalacións.

Acórdase así mesmo que a facturación do gasto se realice, con cargo á partida 338.22799:



- Con cargo ao orzamento de 2018, por importe de 10.909,09 € + IVE (actividade do 5 ao 28 de decembro de 2018)

- Con cargo ao orzamento de 2019, por importe de 4.090,90 € + IVE (actividade do 29 de decembro de 2018 ao 6 de xaneiro de 2019)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

- Auséntase a Sra. Abalo Pérez.

#### **PRP2018/5195**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Teresa Rodríguez Cuiña**, para impartición de 90 horas de inglés profesional en actividades comerciais, por un importe total de 2.160,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199, para o módulo de inglés do proxecto “Obradoiro de Emprego Labora Xove”.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

- Regresa a Sra. Abalo Pérez

#### **PRP2018/5196**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego “Forme 18 Concello de Vilagarcía”, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a retirada e o envío á Nave de obras, da Tupí TS 150 celmak, existente no taller de carpintería, por non cumprir a normativa, estando prohibida a súa utilización polo alumnado, tendo en conta ademais que se atopa avariada, e deberase proceder ao seu posterior despezamento e á correspondente baixa e despezamento por empresa autorizada.

#### **PRP2018/5197**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego “Forme 18 Concello de Vilagarcía”, en relación coa necesidade de dotar de vestiario ao alumnado e monitora da especialidade de “Promoción turística Local”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Peycar Pontevedra SL**, por un importe total de 894,92 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199, polo subministro de vestiario dos/as 10 alumnos/as e a docente da especialidade citada de Promoción Turística Local.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/5198**

Dáse conta do recurso de reposición presentado por D. Oscar Casal Barcala, contra o acordo de Xunta de Goberno Local de 10 de setembro de 2018 polo que se establece a obriga de devolución parcial da cantidade recibida en concepto de axuda, dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017.



Dáse conta do informe da Axente de Empre4go e Desenvolvemento Local no que se indica que o recorrente resultou beneficiario, dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, dunha axuda por contía de 2.000,00 €, con obriga de permanecer de alta no exercicio da actividade por período de dous anos.

D. Oscar Casal Barcala, mediante escrito con data de entrada neste Concello o 9 de agosto de 2018, comunicou ao Concello que en data 30 de xuño de 2018 causou baixa na actividade obxecto de subvención.

As Bases Reguladoras das axudas municipais á creación de Empresas 2017, establecen:

**BASE 7ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

*O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.*

*BASE 8ª..)*

**PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DA AXUDA E REINTEGRO**

*...)*

*Procederá o reintegro parcial da axuda concedida no caso de non cumprir a obriga de manter a actividade durante dous anos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.*

*...)*

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno local acorda desestimar o recurso de reposición presentado, mantendo o acordo de Xunta de Goberno Local de data 10 de setembro de 2018, comunicando ao Sr. Casal Barcala que deberá reintegrar ao Concello a cantidade de 931,05 € e poderá proceder ao fraccionamento da cantidade a reintegrar (931,05 €) previa presentación de solicitude dirixida ao Departamento da Tesourería Municipal.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2018/5200**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de Frauta a impartir D. Alejandro Alonso García, os días 20 e 21 de decembro de 2018, na Aula 2.1 ou 2.3 do primeiro andar do Auditorio, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes.

Así mesmo acórdase autorizar a elaboración de diplomas acreditativos a través da Área de Comunicación.

#### **PRP2018/5199**

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música para aprobar a reposición de diverso mobiliario, 16 sillas para a aula de linguaxe musical, da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de **Ofimática Arousa, S.L.** por importe total de 1.742,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 3262.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.





## **Mercados**

### **PRP2018/5201**

Dáse conta do escrito presentado por **D. José Manuel Dopazo Graña** solicitando se lle conceda a baixa do posto nº 32, da zona de Doutor Carús, do Mercado semanal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados, e de conformidade co establecido no Art. 18.1 do Regulamento Municipal de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder á baixa solicitada, así como proceder á súa baixa no Padrón de Mercados con data de 31 de decembro de 2018.

### **PRP2018/5202**

Visto o escrito de **D. Oscar Ferreruella Ferreruella** solicitando autorización para adquirir en traspaso os postos nº 110-111 da zona de Doutor Carús do Mercado de Vilagarcía, dos que é titular D. Enrique Ferreruella Fernández, e visto o informe do Xefe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dito traspaso debendo ingresar na Tesourería Municipal a cantidade de 1.124,66 €, que é a cantidade consignada en concepto de transferencia para esta zona, unha vez aplicado o correspondente IPC á media da última subasta polos dous postos.

Comunicáselle que unha vez aboada a citada cantidade deberá solicitar o cambio de titularidade do posto, achegando á súa solicitude o xustificante do ingreso e debendo estar en posesión de toda a documentación necesaria para exercer a venda ambulante.

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Medio Ambiente**

#### **PRP2018/5218**

Dáse conta do escrito de Augas de Galicia de arquivo das actuacións correspondentes ao expediente de denuncia contra o Concello de Vilagarcía de Arousa en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público marítimo terrestre en Carril no TM de Vilagarcía de Arousa (Clave DH.D36.64145).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/5219**

Dáse conta do escrito de Augas de Galicia remitindo acordo de iniciación de Expediente Sancionador en materia de desatención a un requirimento da Administración Hidráulica en materia de vertidos de augas residuais. En data 28-06-2018 o Plan de Control de Vertidos leva a cabo inspección na praia de Compostela no t.m. de Vilagarcía de Arousa, constatando tres vertidos de augas residuais en condicións inadecuadas á ría de Arousa procedentes das instalacións municipais de evacuación de augas pluviais ubicadas nese lugar. Polo que en data 06-08-18 se notifica requirimento ao interesado para que acredite perante Augas de Galicia as medidas adoptadas para o cese dos vertidos denunciados. Na data de hoxe, transcorrido o prazo outorgado ao efecto, non se ten constancia de ningunha resposta por parte do interesado, polo que o requirimento se considera desatendido, polo que a sanción procedente sería de ata 5.000,00€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acorda comunicar a Augas de Galicia que se tratou dunha incidencia puntual e que se atopa corrixida, polo que, solicita o arquivo do expediente sancionador e o seu sobresemento.



#### **PRP2018/5220**

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **HPC IBÉRICA S.A.** para a reparación de xogo no parque infantil de A Xunqueira, por un importe total de 1.106,81€ (IVE incluído), con cargo á partida 171-22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

#### **Muller e persoas maiores**

##### **PRP2018/5203**

Vista a Proposta da Concellería Delegada da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia** para a realización de 3 charlas divulgativas programa "ACTÍVATE" que terán lugar os meses de decembro de 2018 e xaneiro de 2019, por un importe total de 500,00€(200,00€ a primeira charla e 150,00€ cada unha das dúas restantes, con cargo á partida 2313.22634. (Proxecto 3 02/01/2018).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **Consumo**

##### **PRP2018/5205**

Dáse conta de sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, en autos do Procedemento Abreviado nº 336/2017, que estima o recurso contencioso administrativo interposto por **D. Manuel Ángel Baldovín Trasobares**, motivado pola reclamación de responsabilidade patrimonial desestimada por Xunta de Goberno Local por danos sufridos na motocicleta matrícula 8210DLK.

Tendo en conta que a citada Sentenza é firme e que no seu fallo condena ao Concello ao aboamento da cantidade de 4.554,16€ (mais xuros legais correspondentes), a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: proceder á execución da sentenza número 149/2018 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 de Pontevedra, coa data de 30 de outubro de 2018.

SEGUNDO: aprobar o gasto e o recoñecemento de obrigación a favor de D. Manuel Ángel Baldovín Trasobares polo importe de 600,00 euros a que ascende a franquía, imputándoo á partida 929.22699.

TERCEIRO: comunicar este pagamento á empresa aseguradora Mutua General de Seguros para que proceda á execución da sentenza pola diferenza entre a franquía concertada na póliza asinada (600,00 €) e o total da cantidade que resulta do cumprimento da citada sentenza.

##### **PRP2018/5206**



Dáse conta da reclamación formulada por **Dona M<sup>a</sup> Esther González Martín** polos presuntos danos sufridos o día 8 de agosto de 2018, cando, segundo a súa manifestación, cae debido a unha arqueta que tiña a tapa afundida na rúa Conde Vallellano.

Visto o informe do Encargado de obras, no que indica que realizada visita de comprobación se constata que a deficiencia alegada consiste nunha tapa de rexistro de saneamento con 1,50 cm. de desnivel con respecto á beirarrúa de 2.50 mt, unida con zona peonil empedrada, polo que non existe ningunha dificultade de percepción. A Xunta de Goberno Local acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal.

#### **PRP2018/5207**

Dáse conta da reclamación formulada por **Dona Laura González López** polos presuntos danos sufridos o día 25 de xullo de 2018, cando, segundo a súa manifestación, cae nunha alcantarilla debido á mala colocación da tapa na rúa Estorniño.

Visto o informe do Encargado de obras, no que indica que realizada visita de comprobación se constata que a deficiencia alegada consiste nunha tapa de saneamento de 20x20 cm, a cal está desprendida pero colocada no seu lugar, na beirarrúa de baldosa de 1,38 mts. de ancho e bordillo, polo que non existe ningún elemento que dificulte a visibilidade da arqueta xa que se trata dunha beirarrúa recta. A Xunta de Goberno Local acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal.

#### **PRP2018/5208**

Dáse conta da reclamación formulada por **Dona Mercedes Falcón Cordal** polos presuntos danos sufridos o día 14 de setembro de 2018, cando, segundo a súa manifestación, cae debido a unha baldosa rota e frouxa á altura do Bar Ravela.

Visto o informe do Encargado de obras, no que indica que realizada visita de comprobación da beirarrúa de 2,30 mts. de ancho, existen 2 baldosas rotas a 70 cm do bordillo, pero non existe ningunha dificultade de percepción. A Xunta de Goberno Local acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal.

#### **PRP2018/5209**

Dáse conta da reclamación formulada por **Dona M<sup>a</sup> Carmen Díaz Bello** polos presuntos danos sufridos o día 29 de maio de 2018, cando, segundo a súa manifestación, cae na rúa Pereira nº5, debido ao mal estado da mesma ao ter buratos.

Visto o informe do Encargado de obras, no que indica que realizada visita de comprobación da pista de asfalto de 4 mts de ancho, no lugar do sinistro na marxe esquerda ao longo duns 10 mts. existen 3 buratos de 5, 7 e 6 cmt. de profundidade. Atópanse nunha recta con iluminación, non existindo ningún elemento que dificulte a visibilidade e tampouco existe ningunha dificultade de percepción. A Xunta de Goberno Local acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal.

#### **PRP2018/5210**

Dáse conta da reclamación formulada por **Dona Aurora Díaz Oubiña** polos presuntos danos sufridos o día 31 de xullo de 2018, cando, segundo a súa manifestación, cae debido a unha baldosa levantada na rúa Rey Daviña.

Visto o informe do Encargado de obras, no que indica que realizada visita de comprobación a zona peonil ten 9,80 mts. de ancho, no lugar atópase unha pedra de 2,3 cmt. máis alta da rasante do pavimento, non existindo ningunha dificultade de percepción. A Xunta de Goberno



Local acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal.

#### **PRP2018/5211**

Dáse conta da reclamación formulada por **Dona Mercedes Cuevas Rivas** polos presuntos danos sufridos o día 02 de xuño de 2018, cando, segundo a súa manifestación, camiñando pola rúa Porto Rey, tropeza cunhas baldosas da beirarrúa en mal estado.

Visto o informe do Encargado de obras, no que indica que realizada visita de comprobación da beirarrúa de 2,90 mts de ancho que limita cun descampado, faltan varias baldosas no límite co descampado, quedando 2,10 mts libres de paso, non existindo ningunha dificultade de percepción. A Xunta de Goberno Local acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal.

#### **PRP2018/5212**

Dáse conta da reclamación formulada por **Dona Estrella Mollinedo López** polos presuntos danos sufridos o día 02 de xuño de 2018, cando, segundo a súa manifestación, cae na rúa San Roque nº6, como consecuencia dunhas baldosas rotas.

Visto o informe do Encargado de obras, no que indica que realizada visita de comprobación da beirarrúa de baldosa con bordillo de 2,10mts de ancho, á altura do nº6 existen 2 baldosas rotas, pegadas ao bordillo quedando libre un espazo de paso de 1,55 mts, non habendo ningún obstáculo que dificulte a visibilidade de ditas baldosas, ademais tratase dunha beirarrúa recta. A Xunta de Goberno Local acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal.

#### **PRP2018/5213**

Dáse conta da reclamación formulada por **Dona Sandra González López** polos presuntos danos sufridos o día 07 de setembro de 2018, cando, segundo a súa manifestación, reventa un neumático do seu vehículo matrícula 7406 KKD, debido a un burato no asfalto na rúa Ramón Martínez.

Visto o informe do Encargado de obras, no que indica que realizada visita de comprobación da estrada de dobre carril, cada un dos carrís ten 3,80 mts de ancho, o burato ten 8 cm de profundidade a 1,70 mts da liña de aparcamento, non existindo ningunha dificultade de percepción. A Xunta de Goberno Local acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal.

#### **PRP2018/5214**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 1 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

- 1) Aboar a Dona Isabel María Barrena Collado a contía de 10.982,00€ polo que se acorda o recoñecemento de obriga por importe de 300,00€ á que ascende a franquía, segundo a compañía aseguradora, con cargo á partida 929.22699.
- 2) Aboar a D. Pablo Dorgambide Aviles a contía de 20.680,41€, polo que se acorda o recoñecemento de obriga por importe de 300.00€ á que ascende a franquía, segundo a compañía aseguradora, con cargo á partida 929.22699.

Na actualidade a Mutua General de Seguros informa que non vai a proceder a ningún pago ata a finalización do procedemento administrativo, o cal pode demorarse se finalmente non se chega a un acordo e a Compañía decidise acudir por vía xudicial.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:



- Recoñecer as obrigas polas contías de 10.982,23€ e 20.680,41€ con cargo á partida 929-22699, e se proceda ao pago das cantidades citadas a Dona Isabel María Barrena Collado e D. Pablo Dorgambide Avilés.
- Reclamar á MGS o aboamento ao Concello das contías totais deducindo as franquías de 300,00€ de cada un dos expedientes, con independencia dos recursos que teña previsto interpoñer contra os acordos municipais, por ser estes plenamente executivos e non atoparse suspendidos.

## **Sanidade**

### **PRP2018/5215**

Vista a proposta da Directora do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias -SPAD, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Corazón de Loto S.C.** para o subministro de oito coxíns de meditación, por un importe total de 251,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 2311.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2018/5216**

Dáse conta da notificación da Xunta de Galicia de sinatura do convenio polo que se outorga axudas aos concellos para os gastos derivados do desenvolvemento de programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos (SPAD). Correspondéndolle ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha axuda de 395.704,90€ que subvencionará os gastos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018, sendo o adianto da cantidade concedida este ano de 260.343,53€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2018/5217**

